



Pilar Rojo reitera o seu apoio á incorporación da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial da Unesco

- **O Parlamento de Galicia acolle o encontro “A Ribeira Sacra: Protección dunha paisaxe cultural candidata a Patrimonio Mundial”, organizado polo Valedor do Pobo e a UIMP**

Santiago, 15 de de xuño de 2015.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, reiterou hoxe o seu apoio á incorporación da Ribeira Sacra á Lista de Patrimonio Mundial da UNESCO como valor universal excepcional. Fíxoo no acto inaugural do encontro titulado “A Ribeira Sacra: Protección dunha paisaxe cultural candidata a Patrimonio Mundial”, organizado polo Valedor do Pobo e a UIMP, e que desde hoxe e ata o vindeiro mércores se desenvolve na sede da Cámara galega.

Rojo Noguera felicitou ao Valedor do Pobo pola organización desta actividade encamiñada a reforzar a protección dunha ampla área xeográfica. Otero Pedrayo escribiu, tal e como redorou a presidenta do Parlamento, que “a Ribeira Sagrada ten unha gracia que en Europa só pode ser comparada coas terras do Rin”.

Agregou Pilar Rojo que a Ribeira Sacra “ten riqueza artística, histórica, arquitectónica, ambiental, inmaterial, paisaxística, turística; un feixe de valores a protexer, unha chea de riquezas”.

“Tesouros dos temos que gabarnos e que temos que protexer”, engadiu a titular do Parlamento de Galicia, antes de enfatizar que o encontro organizado polo Valedor do Pobo e a UIMP permitirá mellorar o coñecemento deste conxunto de recursos, pero tamén acadar unha nova posta en valor dos mesmos ante a opinión pública.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.